



2ª edición  
**Acreativa**  
outubro-novembro 2018

Concertos + Cata  
Conferencias | Coloquios  
Cinema

Entradas á venda en:

 **Ataquilla.com**

Desconto do 10% para pago con tarxetas ABANCA, aplicable na rede de billeteiras físicas de Afundación.  
Os prezos indicados no folleto terán os gastos de xestión á parte.

**Sede Afundación A Coruña**  
Cantón Grande, 8  
981 185 060

**//Afundación**  
Obra Social ABANCA

# Acreativa | Screen

Cinema, curtas, documentais e proxeccións audiovisuais influenciadas ou conceptualizadas desde a experiencia musical.

## PRESENTACIÓN DOCUMENTAL "OMEGA" (ENRIQUE MORENTE)

Con "Omega" (1996), o mito de Enrique Morente proxectouse sobre uns Lagartija Nick en estado de grazas, selando unha alianza transcendental entre tradición e vangarda. A partir desta revisión alucinada do imaxinario de Lorca e Cohen, a irmandade do *cante jondo* coa cambra eléctrica superou os experimentos previos de Triana e Ketama, achegando aos paus tradicionais unha sensibilidade ferozmente contemporánea e que bebía directamente da obra de artistas tan dispares coma Scott Walker, Diamanda Galás, Tricky ou Sepultura. Un *quejío* desafiante, xurrido das ruínas aínda fumegantes do século XX, que atopou o seu eco na nova xeración de heterodoxos do flamenco encabezada por Niño de Elche, Rosalía, Rocío Márquez ou a propia Soleá Morente.

## Venres 9 Novembro ← "OMEGA" presenta Fernando Vacas e Soleá Morente + (Concerto) Soleá Morente

Auditorio 20:00 h. Presentación Documental OMEGA (Enrique Morente) con Fernando Vacas e Soleá Morente. Auditorio, 22:00 h. Concerto Soleá Morente. Concerto + documental 15 € anticipada, 18 € taquilla

## CINEMIX

Cinemix nace para explorar as posibilidades creativas de hibridar música en directo e cinema. O proxecto convida músic@as a se enfrontaren a unha película, desenvolver unha nova banda sonora para ela, e interpretala en directo mentres esta se proxecta en pantalla.

Este proxecto saca @s artistas dos seus procesos creativos habituais, empuxando a compor sobre as imaxes, estética e narrativa da película elixida, en lugar de sobre un lenzo en branco.

Ofrecemos ao público unha experiencia singular e moi exclusiva: o filme nunca volverá ser o mesmo.

## Sábado 10 Novembro ← Proxección "The Hill" Sidney Lumet, 1965 + Elle Belga

Auditorio 21:00 h - 8 € anticipada, 10 € taquilla



# Acreativa | Live

Tendencias musicais enfocadas a un público obxectivo en colaboración coas principais xestoras culturais do sector.

## MARIDAXES

Unha aproximación ao talento e á obra de mulleres artistas a través dunha cata/degustación de viños deseñada a medida para cada unha delas, e posterior concerto da autora con banda completa. Nomes propios dentro da escena independente e referentes da fortaleza que hoxe ten a música feita por mulleres. Catas dirixidas por Cristina V. Miranda (I'm The Mocker/Enofest). Colaboran: Pernod Ricard, González Byass e Martín Codax.

## Xoves 18 Outubro ← Carmen Boza + Encontro/Cata

Hall 20:30 h. Concerto + encontro+ cata, 16 €. Limitado a 50 entradas  
Auditorio 22:00 h. Concerto, 15 € anticipada, 18 € taquilla

## Venres 19 Outubro ← Marem Ladson + Encontro/Cata

Hall 20:30 h. Concerto + encontro + cata, 11 €. Limitado a 50 entradas  
Auditorio 22:00 h. Concerto 10 € anticipada, 13 € taquilla

## Sábado 20 Outubro ← Javiera Mena + Encontro/Cata

Hall 20:30 h. Concerto + encontro + cata, 15 €. Limitado a 50 entradas  
Auditorio 22:00 h. Concerto 14 € anticipada, 17 € taquilla

## LABORATORIO

Experimentación, vangarda e risco, un encontro fóra das marxes e dos sons non comprometidos coa arte. Sen atrancos nin ataduras, sen límites nas propostas artísticas e musicais; un produto para descubrir e experimentar. Comisariado por WOS, 981Heritage e Pop Torgal

## Sábado 17 Novembro ← AK/DK + Equiknox ft. Shanique Marie + Ensemble Economique + Corvax



Sala Multiusos de 19:00 h a 00:00 h  
Entrada exclusiva por invitación (descarga a túa en Ataquilla.com)

## ALA.NI

ALA.NI é o nome artístico de Alani Charal, cantautora londiniense de orixe antillana colaboradora habitual de Damon Albarn e Blur, cuxo álbum de debut, "You & I" (2015), contou coa produción de Andrew Ale (Sade) para insuflar novos aires ao soul contemporáneo.

## Mércores 21 Novembro ← ALA.NI

Auditorio 21:00 h. 16 € anticipada, 19 € taquilla



# Acreativa | Talks

Conversas, mesas redondas, conferencias e networking dirixido tanto a profesionais do sector coma a persoas afeccionadas e público xeral.

## 1º ENCONTRO ASOCIACIÓN DE MULLERES DA INDUSTRIA DA MÚSICA – MIM GALICIA

Primeira edición do Encontro sobre Mulleres da Industria da Música na Coruña, organizada polas profesionais que conforman a delegación galega da Asociación MIM.

## Mércores 17 Outubro ← Congreso MIM + Agoraphobia Djset

Sala de prensa 20:30 h. Hall 21:30 h. Agoraphobia Djset  
Entrada exclusiva por invitación (descarga a túa en Ataquilla.com)

## "LONDRES CIUDAD OKUPADA": UNHA CHARLA CON RICHARD DUDANSKI E ESPERANZA ROMERO

O libro de memorias de Richard Dudanski, "Londres Ciudad Okupada", é un relato das súas experiencias coas múltiples bandas con que tocou na escena alternativa da música no Londres dos 70 e 80. Esperanza Romero (Meilla, 1956) viviu desde dentro o movemento punk en Londres, onde foi probar sorte con 17 anos para rematar por se relacionar cos Sex Pistols, The Clash e The Pretenders.

## Mércores 31 Outubro ← Presentación "Londres Ciudad Okupada" Richard Dudanski + Concerto Arias & Alfaro

Hall 20:30 h. Concerto + conferencia, 12 €. Limitado a 50 entradas  
Auditorio 22:00 h. Concerto 12 € anticipada, 14 € taquilla

## MARCAS & MÚSICA

Algunha vez quixeches saber como funcionan as marcas dentro da industria musical? Acreativa tráeches as principais marcas do sector para que debullen a súa estratexia, presenten os seus novos proxectos e che dean os puntos clave para descubrir como achegáreste a elas.

## Sábado 3 Novembro ← "10 anos de SON EG"

Auditorio 20:30 h. SON Estrella Galicia presenta "10 anos de SON EG". Sala Multiusos 22:00 h. Concerto Joel Sarakula. Entrada exclusiva por invitación (descarga a túa en Ataquilla.com)

## Xoves 8 Novembro ← Jägermeister "Pasado, Presente e Futuro"

No auditorio ás 20:30 h e na Sala Multiusos ás 22:00 h. Concerto D'Valentina  
Entrada exclusiva por invitación (descarga a túa en Ataquilla.com)

## Venres 16 Novembro ← "10 anos de American Autumn"

Con David Pedrouzo (Director) + Concerto Madison McFerrin  
Hall 20:30 h. Encontro + concerto, 10 €. Limitado a 50 entradas  
Sala Multiusos 22:00 h. Concerto 10 € anticipada, 13 € taquilla